

**CONTRATOS PREDOUTORAIS
XUNTA DE GALICIA
PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS
ORGANISMOS PUBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOURAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO
DE I+D+I, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLO PO FSE GALICIA 2014-2020
ANO 2017**

No Diario Oficial de Galicia do día 9 de xuño de 2017 publicouse a orde do 29 de maio de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN

Antes das 14 horas do día 16 de xuño de 2017

- a) **Achegar a oit.predoutorais.xunta@usc.es o formulario** declarando a súa intención de participar nesta convocatoria **que pode atopar en:**

[DECLARACIÓN DE INTERESE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA](#)

- b) No caso dos solicitantes que cursaran estudos na USC a certificación da Universidade conforme ao modelo normalizado do anexo V achegarse aos interesados, **entre o día 22 e 26 de xuño**, ao correo electrónico indicado no formulario no que se declara a intención de participar nesta convocatoria.
- c) **Achegar a oit.predoutorais.xunta@usc.es antes do día 20 de xuño de 2017**, o formulario que certifica a pertenza a grupo / agrupación / equipo ou centro da persoa designada para dirixir/codirixir a tese, **que pode atopar en:**

[CERTIFICACIÓN DE PERTENZA A GRUPO / AGRUPACIÓN / EQUIPO OU CENTRO](#)

- d) No caso dos solicitantes que **NON** cursaran estudos na USC e co fin de poder elaborar a certificación anterior (anexo V) deberán entregar, o mais axiña posible, e sempre **antes do día 15 de xuño de 2017**, na Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio CACTUS, Santiago de Compostela/Lugo, a seguinte documentación:

- **Titulacións estranxeiras**, certificación emitida polo Ministerio de Educación
<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>

- **Titulacións españolas**, certificación emitida pola Universidade de orixe na que se inclúa a nota media, calculada segundo o Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro.
- e) Unha vez elaborada a certificación á que fai referencia o anexo V, achegaranse aos interesados, ao correo electrónico indicado no formulario no que se declara a intención de participar nesta convocatoria.

Antes das 14 horas do día 28 de xuño de 2017

- **Achegar** á Oficina de Investigación e Tecnoloxía Santiago/Lugo o código xenerado pola Sede da Xunta de Galicia.

Tendo en conta a brevidade dos prazos, rogase aos solicitantes de calquera das modalidades que presenten a documentación á maior brevidade posible, sen esperar ás datas finais dos prazos establecidos.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, pero terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto establece-se o seguinte **procedemento de presentación de solicitudes**:

A).-Serán os **CANDIDATOS** os que deberán cumprimentar a solicitude e subir a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia para o que seguirán os seguintes pasos:

PASO 1: CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE (ANEXO II)

1. O código do procedemento para as modalidades A e B é **ED481A**. Premer no seguinte enderezo electrónico. **Recomendase a utilización do navegador Internet Explorer**:
2. A continuación debe premer en: **Iniciar presentación na Sede electrónica**.
3. Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:
 - a. **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**
 - i. **RAZON SOCIAL**: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ii. **NIF:** Q1518001A
- iii. **TIPO DE VÍA:** RÚA
- iv. **NOME DA VÍA:** CAMPUS VIDA
- v. **NÚMERO:** S/N
- vi. **LUGAR:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- vii. **CP:** 15782
- viii. **PROVINCIA:** A CORUÑA
- ix. **CONCELLO:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- x. **LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- xi. **TELÉFONO:** 881816201
- xii. **FAX:** 881816203
- xiii. **CORREO ELECTRÓNICO:** oit.predoutorais.xunta@usc.es

b. E NA SÚA REPRESENTACIÓN (Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a solicitante)

- i. **NOME:** Nome do/a solicitante
- ii. **PRIMEIRO APELIDO:** Primeiro apelido do/a solicitante
- iii. **SEGUNDO APELIDO:** Segundo apelido do/a solicitante
- iv. **NIF:** NIF do/a solicitante
- v. **CARGO:** SOLICITANTE

c. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Neste apartado debe marcar “notifíquese á persoa solicitante.

- i. **TELÉFONO:** 881816201
- ii. **CORREO ELECTRÓNICO:** oit.predoutorais.xunta@usc.es

d. DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

Deben encherse os campos cos datos persoais do candidato/a

e. MODALIDADE QUE SOLICITA

Campo **obligatorio**. Soamente se pode escoller unha delas

f. ESTADÍAS

É **imprescindible** cubrir este apartado **si se desexa** solicitar unha estadía de investigación . No caso de que se cubra hai que marcar obrigatoriamente **unha zona e só unha** (as zonas indícanse na convocatoria).

No caso de non cumprimentar o apartado de estadías neste momento, NON poderán solicitarse posteriormente.

g. A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Débese marcar que esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

h. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE.

Debe marcar a documentación que se presenta.

i. A continuación debe PREMIER en GARDAR (se neste momento non quere anexar a documentación) ou en PRESENTAR (se a continuación quere anexar a documentación).

PASO 2: ANEXAR DOCUMENTACIÓN

Si xa realizou un primeiro borrador de solicitude, debe recuperalo na **CARPETA DO CIUDADAN, APARTADO BORRADOR.**

Para iniciar o anexo de documentación debe premer no botón **PRESENTAR**, aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de aí deberá proceder a subir os seus documentos.

MOI IMPORTANTE: Recoméndase que os documentos estean en formato pdf. Que o título sexa curto, sen acentos e sen guións e deben ser nomeados co seu primeiro apelido e nome + tipo de documento. Exemplo: **SuarezManuel_AnexoV.pdf.**

Unha vez anexados todos os documentos debe premer en **GARDAR** e despois en **SAIR**, para volver á páxina de borradores.

PASO 3: OBTENCIÓN DO CÓDIGO DE ACCESO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA USC

A continuación debe ir de novo á **CARPETA DO CIUDADAN** apartado **BORRADORES**, e despois premer no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de acceso. **Debe imprimir a pantalla por duplicado e presentalo nos lugares indicados mais abaixo.**

BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMER A TECLA ENVIAR

B).-A documentación que deben subir á SEDE os interesados polo procedemento arriba indicado é a seguinte:

i-DECLARACIÓN ASINADA (ANEXO III) pola persoa candidata a ser destinataria da axuda na que conste:

- Que presenta a súa candidatura por unha única modalidade “A” ou “B” e a través dunha única entidade solicitante.
- Que non foi seleccionado ou contratada con cargo a outras convocatorias de recursos humanos da Xunta de Galicia.
- Que non ten o título de doutor.
- No caso de que gozase dunha bolsa de colaboración nun Departamento Universitario a referencia ao diario ou boletín oficial da súa concesión.

ii.- DECLARACIÓN DA PERSOA DESIGNADA (ANEXO IV) ou proposta para dirixir ou codirixir a tese. A persoa designada debe de pertencer á USC.

iii.-CERTIFICACIÓN DA UNIVERSIDADE (ANEXO V), con respecto a este documento poden darse as seguintes situacións:

No caso dos solicitantes que cursaran estudos na USC a certificación da Universidade conforme ao modelo normalizado do anexo V achegarse aos interesados, **entre o día 22 e 26 de xuño**, ao correo electrónico indicado no formulario no que se declara a intención de participar nesta convocatoria.

No caso dos solicitantes que NON cursaran estudos na USC e co fin de poder elaborar a certificación anterior (anexo V) deberán entregar, o mais axiña posible, e sempre **antes do día 15 de xuño de 2017**, na Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio CACTUS, Santiago de Compostela/Lugo, a seguinte documentación:

- **Titulacións estranxeiras**, certificación emitida polo Ministerio de Educación <http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>
- **Titulacións españolas**, certificación emitida pola Universidade de orixe na que se inclúa a nota media, calculada segundo o Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro.

Unha vez elaborada a certificación á que fai referencia o anexo V, achegarse aos interesados, ao correo electrónico indicado no formulario no que se declara a intención de participar nesta convocatoria

iv.-CERTIFICACIÓN DA USC, (documento non obrigatorio para as solicitudes da modalidade B), na que se faga constar:

CERTIFICACIÓN DE PERTENZA A GRUPO / AGRUPACIÓN / EQUIPO OU CENTRO

- Indicación da convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da que obtivo financiamento o grupo, agrupación estratéxica ou centro de investigación singular ao que pertence a persoa designada para dirixir ou codirixir a tese. Esta certificación debe solicitarse a través do formulario no que manifesta a súa intención de participar nesta convocatoria.

v.-PROXECTO DE TRABALLO DE INVESTIGACIÓN que se vai a realizar para a obtención do grao de doutor/a, cunha extensión máxima de 4.000 palabras, no que consten especificamente, polo menos, os seguintes aspectos:

- **Obxectivos e contidos básicos do traballo**
- **Metodoloxía**
- **Planificación temporal**
- **Transferencia de resultados**

Este documento deberá estar **asinado polo candidato e pola persoa designada para dirixir a tese**, constando a data de aprobación da comisión académica do programa de doutoramento acreditando a viabilidade da proposta. Os documentos coas firmas orixinais deberán gardalos os interesados por si son reclamados posteriormente pola Xunta de Galicia.

O modelo de Plan de Investigación que ten aprobado a USC se axusta aos requirimento desta convocatoria sempre e cando non exceda as 4.000 palabras

Para a obtención deste documento, no caso de telo aprobado, ten que imprimilo desde a súa [Secretaría virtual](#) (SV) e debe ser asinalo por vostede e polo o seu director/a de tese. No caso de non ter o seu plan de investigación aprobado xa, deberá cubri-lo pola súa SV para a súa posterior aprobación polo seu director/a e pola CAPD. No caso de dúbida pódese poñer en contacto co coordinador do seu programa de doutoramento. A información de como tramitar a aprobación do Plan de Investigación esta na web http://www.usc.es/gl/centros/ciedus/edi/Seguimento_doutorandos.html

Vi.-MEMORIA DA ADECUACIÓN do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas definidas no ANEXO I da convocatoria, asinada polo candidato e a persoa designada para dirixir a tese (**obrigatoria para a modalidade A e opcional para a modalidade B**).

Vii.-CERTIFICADO DE NIVEL DE COÑECEMENTO de lingua estranxeira no que figure expresamente o nivel acadado de acordo co marco común europeo de referencia para as linguas, de ser o caso.

Viii.-DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE os supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2 sobre as datas de finalización do estudos, soamente no caso das persoas que se acollan a estes supostos.

ix.-FOTOCOPIA DO DNI OU NIE, so no caso de non autorizar a comprobación de datos persoais a través do Sistema de verificación de datos. **No caso de persoas non comunitarias que non teñan permiso de residencia en España deberán subir á sede electrónica a fotocopia do pasaporte.**

DAS ESTADIAS DE INVESTIGACIÓN

No caso de ter solicitado a axuda para estadía, antes do 31 de xaneiro de 2018, os interesados deberán achegar á USC a seguinte documentación:

- Plan de traballo asinado polo investigador contratado e co visto e prace da persoa directora da tese.
- Carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente. O centro de destino deberá estar situado no país na zona que se indicou na solicitude e pola que se concedeu a axuda.
- Autorización de ausencia da entidade beneficiaria.

As estadias serán de tres meses de duración no estranxeiro, cun importe máximo de 4.500 euros, en función do destino da estadía, de acordo coa seguinte distribución:

- Zona 1: 1.500 euros, se a estadía se realiza en Portugal ou Andorra.
- Zona 2: 3.000 euros, se a estadía se realiza en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás EUA e Canadá.
- Zona 3: 4.500 euros, se a estadía se realiza en EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.

MODALIDADES DE AXUDAS

- **Modalidade A: 57** Axudas cofinanciadas parcialmente con FSE destinadas ao apoio á etapa predoutoral para investigadores/as que desenvolvan un proxecto de investigación en liña cos retos definidos na estratexia de especialización intelixente de [Galicia RIS3](#) e que teñan unha persoa designada para dirixir ou codirixir a tese, que estean integradas nun grupo de investigación ou nunha agrupación estratéxica que contara con financiamento da Consellería de

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nalgunha das convocatorias dos anos 2013 a 2016, ou que sexa unha persoa investigadora contratada pola GAIN no marco do programa Oportunius ao abeiro do decreto 64/2016 DOG nº 112 do 14 de xuño.

- **Modalidade B: 43** Axudas de carácter xeral de apoio á etapa predoutoral, mediante as cales se garantirá a representación de todas as ramas de coñecemento nesta convocatoria.
- **Estadías no estranxeiro:** Para as dúas modalidades indicadas, contéplase a posibilidade de realizar estadías de 3 meses de duración no estranxeiro que favorezan unha mellora na formación dos investigadores e que posibiliten que acceden á mención de doutor internacional.
- As estadías serán continuadas e terán que realizarse entre o 1 de marzo e o 31 de outubro de 2018 e asegurar un grao de mobilidade e de internacionalización ao que non se puidese ter accedido por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia, país de orixe ou nacionalidade, e en ningún caso poderá ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- a) Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea. Non obstante as persoas NON comunitarias poderán ser candidatas á axuda aínda que para formalizar o contrato deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país.
- b) Estar matriculados/as nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2016-2017. Esta matrícula terá que estar formalizada necesariamente a tempo completo antes da sinatura do contrato.
- c) A data de obtención do título universitario de licenciatura, grao ou equivalente empregado para formalizar ***a matrícula no programa de doutoramento correspondente sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2013.*** Entendese como data de finalización destes estudos a de superación da última materia para os completar. ***Esta data poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2010 nos seguintes casos:***
 - Os/as licenciados/as ou graduados/as en medicina, farmacia, bioloxía, química ou psicoloxía que na data de peche do prazo de presentación de solicitudes estean en posesión do título oficial de especialidade médica (MIR) ou farmacéutica (FIR) ou conten co certificado oficial de especialidade en bioloxía (BIR), química (QUIR) ou psicoloxía (PIR).
 - As persoas candidatas que acrediten fidedignamente que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2012.

- As persoas candidatas que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento

d) Contar no expediente académico cunha nota media igual ou superior a 7, ou a 6 para as titulacións. de Enxeñaría e Arquitectura, calculada segundo o indicado no artigo 6.1.c da convocatoria.

Non se admitirán como candidatas a ser destinatarias destas axudas as persoas que estean en posesión do título de doutor nin persoas que fosen seleccionadas ou contratadas noutras convocatorias predoutorais da Xunta de Galicia.

Cada persoa soamente poderá ser presentada como candidata por unha entidade e só poderá optar a unha das modalidades descritas, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos.

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A duración do contrato non poderá ser inferior a 1 ano nin exceder de 3. Se se concertase un contrato de duración inferior a 3 anos, poderá prorrogarse sucesivamente sen que, en ningún caso, as prorrogas poidan ter unha duración inferior a un ano. **A actividade desenvolvida será avaliada anualmente pola comisión académica do programa de doutoramento, durante o tempo que dure a súa permanencia no programa, podendo ser resolto o contrato no caso de non superarse favorablemente esta avaliación.**

A retribución bruta mensual será de:

MODALIDADE A: 1.355 euros brutos mensuais mais dúas pagas extraordinarias do mesmo importe
MODALIDADE B: 1.182 euros brutos mensuais mais dúas pagas extraordinarias do mesmo importe

SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

Para pedir información da convocatoria ou para resolver incidencias derivadas da mesma pode poñerse en contacto con:

Información da convocatoria

8818 16252

8818 16253

8818 16213

8818 16215

oit.predoutorais.xunta@usc.es

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación